

O ESTOUPIDO

LIMIAR



Rapaces e rapazas
público en xeral
xa estamos en xuño
aquí vai un novo limiar.

Neste curso que remata
tivemos moita vida,
o traballo do colexio
encheunos de ledicia.

Alá por novembro
non podía ser doutro xeito,
celebramos San Martiño
con castañas e cabazas a eito.

Entramos no novo ano
e xa sen respiro,
no mes de febreiro
chegou o entroidiño.

Este ano a mascarada
foivos ben celebrada
viñeron de convidados
os Ribeiraos de Chantada.

Xa no mes de maio
chegou o grande momento,
fixemos unha homenaxe
a María Victoria Moreno.

A idea estaba clara
e así volo vou contar,
cunhas destacadas mulleres
fixemos un grande mural.

Como fin da nosa viaxe
do curso que imos rematar,
no noso patio construímos
un maio espectacular.

Todo isto que fixemos
todo isto que vos contamos,
non ten sentido ningún
se o galego non empregamos!!!

ORGULLOS@S DO NOSO
ORGULLOS@S DO GALEGO



Na Biblioteca continuamos coa idea de converternos nun centro creativo de aprendizaxe de aí que estamos inmersos nun cambio total, tanto a nivel de mobiliario como de recursos. Desde xaneiro entramos a formar parte do Plan Lía 2016/2020 (Lectura, Información e Aprendizaxe) e dentro dos desafíos que nos propón este Plan está o de facer unha Biblioteca Inclusiva, mellorar a competencia informacional e mediática (ALFIN /AMI) ou as Alfabetizacións múltiples.

Aínda con todo este “lío” intentamos realizar as actividades permanentes programadas coma: encontros cos escritores/as, as Mochilas Viaxeiras, os Obradoiros de Lectura, Colaboradores, Hora de Ler no Patio ou Día de Rosalía. Tamén continuamos co PDI “Santiago Medieval” colaborando co programa de radio “Voces de Compostela” de RadioVoz e que podedes escoitar nos podcast colgados no blog:

<http://bibliotecalamas.blogspot.com.es>





En Infantil pasámolo así de ben traballando!! Mirade...





ALUMNADO DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

As nenas e os nenos de 1º comezaron unha nova etapa. Fixeron novos amigos e xuntos participaron nun feixe de actividades!!!

O 31 de xaneiro os alumnos e alumnas de 2º de primaria acudimos ao Teatro Principal onde Victoria Pérez e Manu Fernández representaron a obra de teatro de títeres de amigurumi "O poder de Amabel", baseada na novela infantil de Érica Esmorís. Esta actividade foi complementada una semana máis tarde coa visita dos actores e bonecos no noso colexio. Axudáronnos a recrear a historia e representar algunhas das escenas nun taller de expresión teatral divertidísimo. Moitas grazas!!!



ALUMNADO DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

En terceiro, entre outras actividades ensináronnos trucos sobre o aforro e coidado da auga en Aqualoxía, visitamos o patrimonio histórico da Universidade de Santiago, celebramos o día da árbore plantando bidueiros na Cidade da Cultura, practicamos normas de educación vial en Amio, disfrutamos moito con un contacontos no noso colexio e pasámolo moi ben na Casa Grande de Xanceda.

O alumnado de 4º asistiu entre outras actividades a unha charla – visita ás instalacións do Corpo Nacional de Policía en Santiago para poñer en práctica polas rúas as normas de Educación Vial.

Tamén asistiron á representación teatral da obra “O conto da Azuzaina” no Teatro Principal.



ALUMNADO DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Neste curso o alumnado de 5º aprendemos moitas cousas lendo, escribindo, investigando, falando, debuxando, preguntando, escoitando, tocando, razoando,... e por riba de todo compartimos, respectámonos anós mesmos e aos demais, gozamos coa diversidade e a igualdade, fixémonos máis responsables e sobre todo crecemos como persoas e como colectivo. Somos un bo equipo!!! O ano que vén máis e mellor...



Toca despedir, en parte con tristura e en parte con leducia, ao alumnado de 6º do colexio. Recordade que sempre faredes parte dos nosos corazóns.

Boa sorte no instituto!!!



A vós, queridas mestras,
que formastes parte desta
familia...

Ata sempre!

Persoalmente cremos que a semente
que a maioría dos profesores intentan
sementar nos seus alumnos, tarde ou
cedo, termina xerminando.

"É por iso que nunca tes que tirar a
toalla ". Somos conscientes que vós
tedes sementado moito e nunca fostes
das que tiraban a toalla ante as
dificultades, de aí a nosa admiración
polo voso traballo e a gratitude de
todo o alumnado que pasou polas
vosas mans.

Por moita maleta que teñades
preparada non vos iredes do noso lado
porque nos nosos corazóns sempre
irán gravados os vosos nomes: NIEVES,
CARMEN, e M^a JOSÉ. Tres nomes que son
moito máis que iso, son un referente
para o noso colexio e un espello no
que nos mirar.

Non se limitaron simplemente a ensinar
temas, que tamén; senón que educaron
con amor e paciencia e iso di moito da
súa calidade como persoas.

GRAZAS ás tres, por ser luz, por
tender pontes, por tapar charcos e en
definitiva por algo tan complicado que
vós fixestes tan ben.



We speak English and we are only 3!!!
Falamos inglés e so temos 3 anos!!!

English is fun!
O inglés é divertido!

Once upon a time, there was a group of little kids who back in September arrived at the school for older kids. In addition, there was a teacher who spoke "rare". They didn't understand a word about the tales, songs, games,... Everyday there was a kid who asked:
- Teacher, can we speak a Spanish one now?
And the teacher always answered the same:
- No, no, no... We are in English class!
However, as if by magic those little kids grew up and they themselves are the ones who asked for a tale in English, for games in English,... and the best of all is that they understand and they even sing in English!
So proud of you!!!

Había unha vez un grupo de rapaciñas e rapaciños que en setembro chegaron á escola dos maiores. Ademais, había unha profe que falaba "raro". Non entendían nin unha palabra dos contos, cancións, xogos,... Cada día había un cativo que preguntaba:

- Profe, podemos falar agora en castelán?

E a profe sempre contestaba o mesmo:


- Non, non, non... Estamos en clase de inglés.

Sen embargo, coma se se tratase de maxia, aquelas rapaciñas e rapaciños creceron e eles mesmos eran os que pedían contos en inglés, xogos en inglés, ... e o mellor de todo é que entendían e incluso cantaban en inglés!

Estamos tan orgullosas de vós!!!



PREGUNTA 3
QUE LINGUA EMPREGAS HABITUALMENTE?



PROXECTO LINGÜÍSTICO D